

**Clausulas que afectan ás bases dos procesos selectivos convocados pola Consellería de Facenda e Administración Pública mediante concurso ou concurso-oposición derivados da Lei 20/2021.**

-Cómputo da antigüidade do persoal procedente mediante traspaso doutras administracións públicas.

Os empregados públicos que accederon á esta administración como consecuencia dun decreto de traspaso doutra administración pública se lle computarán os servizos prestados con anterioridade á data de toma de posesión na Xunta de Galicia como prestados na administración de procedencia. Ditos servizos se acreditarán, de ser o caso, mediante certificación da dita administración.

-Persoal que non superou as tres convocatorias das disposicións transitorias 8 e 9 do decreto legislativo 1/2008.

O persoal funcionario interino ou o persoal laboral temporal con estabilidade afectado polas disposicións transitorias 8, 9 do decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, pola que se aproba o texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia que non accedese á condición de persoal funcionario de carreira por non ter superado algunha das tres convocatorias, ostentan a condición de persoal laboral fixo a extinguir e, polo tanto, non se lles computarán os servizos prestados para os procesos derivados da Lei 20/2021 dada a súa condición de persoal laboral fixo.

-Cómputo dos servizos prestados en entes do sector público para determinado persoal vinculado á extinción de incendios.

Os servizos prestados en entes públicos nas convocatorias de persoal laboral de categorías vinculadas á extinción de incendios forestais para postos de traballo de 6 meses de traballo anual, computaranse no apartado de servizos prestados noutras administracións na categoría laboral que corresponda.